

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 4 DE OUTUBRO DE 2022

SEÑORES ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a catro de outubro de dous mil vinte e dous, reunidos en primeira convocatoria os señores concelleiros que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as nove horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 28 de setembro de 2022, foi aprobado por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes.

2.- LICENZA DE OBRAS

- Areosa S.C.

ANTECEDENTES

1. Dona Ana Pájaro Couto, na representación que acredita da sociedade AREOSA S.C., con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social no lugar de Faílde, parroquia do Salto, solicita con data 13 de febreiro de 2018 (RE núm. 302) licenza municipal

- para AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN AVÍCOLA, con emprazamento no lugar de Romaces, parroquia de Río.
2. A citada sociedade foi constituída en documento privado subscrito en data 7 de marzo de 2016 e está integrada por Don Julio Fernández Fafián (DNI núm. ██████████), Dona Ana Pájaro Couto (DNI núm. ██████████), Dona María de los Ángeles Alonso Reñones (DNI núm. ██████████) e Don José Luís Camiñas Vázquez (DNI núm. ██████████). Dito documento foi elevado a público por escritura autorizada, en data 17 de marzo de 2016, pola notaria de Lalín Dona María Teresa Bouzas Rodríguez (protocolo núm. ██████).
 3. Achégase proxecto técnico e anexos visados polo colexio correspondente (núm. ██████████, do 12/02/18 e anexos de datas 25/01/22 e 28/01/22), redactados polo enxeñeiro técnico agrícola Don Francisco Pérez Donsión.
 4. O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o de execución das obras, de conformidade co indicado no proxecto, fíxase en tres (3) anos.
 5. Constan no expediente os correspondentes informes xurídico e técnico emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. A intervención municipal ten o seu fundamento na competencia que lle confire o artigo 25.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), así como os artigos 5 e 8 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
2. A actividade solicitada atópase entre as sometidas a licenza municipal previa conforme ao previsto nos artigos 142.2 a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e artigo 351 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG).
3. As obras proxectadas sitúanse en terreos clasificados como “solo rústico de protección forestal” polo PXOM en vigor.
4. Solicítase licenza para a ampliación dunha explotación avícola existente. A nave existente dispón dunha capacidade para o cebo de 39.310 polos. A nave proxectada terá unha capacidade

- de 39.550 polos. A capacidade total da explotación será de 78.860 polos.
5. As obras proxectadas consisten na construción dunha nave para albergar polos, un anexo á nave destinado a aseo-oficina-almacén-zona de acceso e espazos destinados a paneis cooling.
 6. O orzamento de execución material das obras ascende á cantidade de CATROCENTOS NOVENTA MIL CINCOCENTOS SESENTA EUROS (490.560,00 €).
 7. Resulta de aplicación a Disposición Transitoria primeira da LSG, na que se establece que ao solo rústico dos municipios con planeamento aprobado definitivamente con anterioridade a entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, aplicaráselles o disposto na LSG para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías de solo contidas no planeamento respectivo.
 8. As construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandería extensiva e intensiva e as granxas correspóndense cun uso admisible en calquera categoría de solo rústico logo da obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística segundo o artigo 36.1 da LSG.
 9. O contido urbanístico do proxecto presentado coincide cos seguintes extremos:

Titulares do predio	[REDACTED]
Inscripción no Rexistro da Propiedade	Non consta no expediente
Identificación das parcelas	Parcela núm. 39-1 do Polígono 10 da ZCP Val de Camba Parcela núm. 40 do Polígono 10 da ZCP Val de Camba Parcela núm. 42 do Polígono 10 da ZCP Val de Camba (agrupadas ante notario)
Superficie da parcela	14.947 m ²
Uso autorizado	Ampliación de explotación avícola
Superficie ocupada en planta	Explotación existente: 2.937,20 m ² Ampliación proxectada: 2.807,80 m ²

10. A actividade obxecto da licenza foi sometida a declaración de impacto ambiental ao figurar incluída no Anexo I da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

11. Por Resolución de data 4 de outubro de 2019 da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda formúlase a correspondente declaración de impacto ambiental (clave [REDACTED]).
12. Nos solos rústicos de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal (artigo 36.2 LSG).
13. Figura no expediente o preceptivo informe favorable emitido, con data 25 de marzo de 2022, polo Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra, por situarse as obras no ámbito da zona de concentración parcelaria Val de Camba.
14. Seguiuse a tramitación prevista nos artigos 9 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por remisión do artigo 143.2 LSG.
15. O carácter regrado da licenza establecido pola doutrina e xurisprudencia determina que o Concello ven obrigado a conceder licenza urbanística se conforme a normativa aplicable é posible levar a cabo a actuación urbanística solicitada.
16. Deberá liquidarse o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP núm. 248, do 29 de decembro de 1999, e a Taxa por licenzas urbanísticas, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP do día 27 de decembro de 1989.
17. O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 9 de marzo de 2021).

Xa que logo, visto o anterior e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- CONCEDER a AREOSA S.C. licenza municipal para AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN AVÍCOLA, con emprazamento no lugar de Romaces, parroquia de Río, con estrita suxeición ao proxecto técnico e anexos visados polo colexio correspondente (núm. [REDACTED], do 12/02/18 e anexos de datas 25/01/22 e 28/01/22), redactados polo enxeñeiro técnico agrícola Don Francisco Pérez Donsión, coas condicións especiais seguintes:

- a) Esta concesión outórgase salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro e terán que cumprirse, de ser o caso, as condicións fixadas polos organismos con competencias sectoriais.
- b) Os prazos de inicio e execución comezarán a computarse dende a data seguinte ao recibo da notificación do presente acordo. Se as obras non se iniciasen ou se executasen durante os prazos establecido ou ben, se interrompan por tempo superior a seis meses, procederase a declarar a caducidade da licenza, previa audiencia ao interesado. Non obstante, poderá solicitarse prórroga dos referidos prazos previa solicitude expresa formulada polo interesado e condicionada ao cumprimento das condicións establecidas no artigo 145.2 da LSG e artigo 359 do RLSG.
- c) A presente licenza queda sometida á condición suspensiva, no que atinxe ao inicio das obras e implantación do uso, ata que se xustifique o cumprimento das obrigas establecidas conforme o artigo 39 e) da LSG. Aos citados efectos, será suficiente que o titular da licenza presente ante o Concello certificación expedida polo Rexistro da Propiedade da vinculación da total superficie real do predio á construción e usos autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade impostas na presente licenza (artigo 39 e) da LSG en relación co disposto nos artigos 65 e 67.3 do Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana).
- d) As obras obxecto do presente informe deberán comezar dentro do prazo máximo de eficacia da licenza que se outorgue, conforme á súa normativa reguladora, e, na súa falta, no prazo de seis meses contado desde a data de outorgamento da referida licenza. En caso contrario, o proxecto deberá adaptarse ás modificacións do CTE aprobadas polo Real Decreto 732/2019, do 20 de decembro, polo que se modifica o Código Técnico da Edificación, aprobado polo Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras pola cantidade de NOVE MIL OITOCENTOS ONCE CON VINTE CÉNTIMOS (9.811,20 €).

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación da Taxa por licenzas urbanísticas pola cantidade de DOUS MIL CATROCENTOS CINCUENTA E DOUS EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS (2.452,80 €).

3.- MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRAS

- Os Ferreiros S.C.

ANTECEDENTES

1. Por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 19 de xullo de 2017, concedeuse a DIÉGUEZ PAZ S.C. licenza municipal para CONSTRUCCIÓN DE NAVE DE PORCINO E FOSA DE XURRO, con emprazamento no lugar de Pescoso, parroquia de Santa Mariña de Pescoso, con estrita suxeición ao proxecto técnico e anexos visados polo colexio correspondente (núm. ██████████, do 19/01/17 e anexos de datas 14/03/17 e 23/05/17), redactados pola enxeñeira técnica agrícola Dona Isabel Arza Río.
2. Con data 28 de setembro do corrente a Xunta de Goberno Local acordou declarar a eficacia da comunicación previa de cambio de titularidade de dita licenza a favor da sociedade OS FERREIROS S.C., con CIF núm. ██████████ e con domicilio social no lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro.
3. A citada sociedade foi constituída en documento privado estendido en data 3 de marzo de 2022 e está integrada por Don Eloy Jorge Ferreiro (DNI núm. ██████████) e Don Pablo Jorge Mazaira (DNI núm. ██████████). Non consta no expediente a súa elevación a documento público.
4. Con data 20 de setembro de 2022 (RE-E núm. 456) Don Pablo Jorge Mazaira, na representación da sociedade titular da licenza, solicita a modificación da licenza concedida, achegando modificado de proxecto (visado colexial núm. ██████████, do 23/03/22), redactado pola enxeñeira técnica agrícola Dona Isabel Arza Río.
5. Constan no expediente os correspondentes informes xurídico e técnico emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. No que non contradiga o presente acordo, considéranse vixentes e de plena aplicación os fundamentos xurídicos e o acordo correspondente á licenza orixinal concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de xullo de 2017.
2. A modificación da licenza solicitada afecta unicamente ao importe do presuposto de execución material das obras, aumentándose da cifra inicial de 236.213,21 € a 269.568,53 €.
3. Seguiuse a tramitación prevista nos artigos 9 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por remisión do artigo 143.2 LSG.
4. O carácter regrado da licenza establecido pola doutrina e xurisprudencia determina que o Concello ven obrigado a conceder licenza urbanística se conforme a normativa aplicable é posible levar a cabo a actuación urbanística solicitada.
5. O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 8 de xullo de 2019).

Xa que logo, visto o anterior e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Modificar parcialmente o acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na sesión celebrada o día 19 de xullo de 2017, de conformidade coas consideracións anteriormente expostas, manténdose a integridade do non modificado polo presente, así como as mesmas condicións especiais fixadas no acordo inicial de concesión da licenza,

Segundo.- Aprobar a liquidación complementaria do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras pola cantidade de SEISCENTOS SESENTA E SETE EUROS CON DEZ CÉNTIMOS (667,10 €).

Terceiro.- Aprobar a liquidación complementaria da Taxa por licenzas urbanísticas pola cantidade de CENTO SESENTA E SEIS CON SETENTA E SETE CÉNTIMOS (166,77 €).

4.- ADXUDICACIÓN DA OBRA DE “HUMANIZACIÓN E MELLORA PEONIL DA RÚA AVIADOR GUMERSINDO AREÁN”, INCLUÍDA NO PROGRAMA REACPON E NO PLAN CONCELLOS 2022 (EXPEDIENTE NÚM. PAS-O 2/2022)

ANTECEDENTES

1º.- A Mesa de Contratación da obra de “URBANIZACIÓN E MELLORA PEONIL DA RÚA AVIADOR GUMERSINDO AREÁN”, na reunión celebrada o día 7 de setembro de 2022, procedeu á apertura pública dos sobres B (proposición económica) presentados polos licitadores co seguinte resultado:

LICITADOR	CIF	PREZO
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO S.L.	██████	412.368,00 €
VILARIÑO ESP S.L.U.	██████	372.103,45 €
NOVAVIAL S.L.	██████	401.411,98 €
SERGONSA SERVICIOS S.L.	██████	429.438,68 €
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA S.L.	██████	431.189,83 €
BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS S.L.	██████	407.450,56 €
CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA S.L.	██████	359.156,74 €
ORESAS CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES S.L.	██████	408.301,55 €

2º.- Deseguido, a Mesa procedeu a comprobar se algunha das ofertas presentadas estaba incurso en presunción de anormalidade, en aplicación dos criterios establecidos no artigo 85 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, por remisión do disposto sobre as ofertas desproporcionadas ou temerarias no Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación. Dese xeito calculado, determinouse que o límite para considerar as ofertas como desproporcionadas e temerarias quedaba fixado naquelas con importe inferior á cifra de 362.409,84 €.

3º.- En aplicación da circunstancia anterior, considerouse que a oferta presentada polo licitador Construcciones y Proyectos Abilleira S.L. (359.156,74 €) estaba incurso en presunción de anormalidade polo que, de conformidade co previsto na cláusula 18ª.2 do Prego, requiriuse a dito licitador para que no prazo de cinco días hábiles, contados a partires do día seguinte do recibo do requirimento, presentara ante o Concello unha xustificación axeitada das circunstancias que lle permitirían executar a obra licitada nesas condicións, en aplicación dos criterios establecidos no artigo 149.4 da Lei 9/2017, do 8 de

novembro, de Contratos do Sector Público (RS núm. 2022-S-RE-298). Durante o prazo concedido non foi atendido o requirimento enviado ao efecto.

4º.- Na reunión da Mesa de contratación do día 19 de setembro de 2022 acordouse por unanimidade declarar a oferta presentada polo licitador Construcciones y Proyectos Abilleira S.L. como temeraria e desproporcionada, propoñendo ao mesmo tempo ao órgano de contratación a súa exclusión do presente procedemento. Seguidamente, formulouse por unanimidade proposta de adxudicación da licitación ao favor do licitador que obtivo a maior puntuación, unha vez admitidas e avaliadas todas as demais propostas presentadas, en aplicación do único criterio de adxudicación establecido no prego de cláusulas administrativas particulares, co seguinte resultado:

A/ Criterio avaliable automaticamente – Prezo (ata 100 puntos)

LICITADOR	CIF	PREZO	PUNTOS
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO S.L.	████████	412.368,00 €	48,15
VILARIÑO ESP S.L.U.	████████	372.103,45 €	100,00
NOVAVIAL S.L.	████████	401.411,98 €	62,26
SERGONSA SERVICIOS S.L.	████████	429.438,68 €	26,17
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA S.L.	████████	431.189,83 €	23,91
BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS S.L.	████████	407.450,56 €	54,48
ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES S.L.	████████	408.301,55 €	53,39

B/ Resume da puntuación por orde decrecente

LICITADOR	CIF	PUNTUACIÓN TOTAL
VILARIÑO ESP S.L.U.	████████	100,00
NOVAVIAL S.L.	████████	62,26
BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS S.L.	████████	54,48
ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES S.L.	████████	53,39
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO S.L.	████████	48,15
SERGONSA SERVICIOS S.L.	████████	26,17
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA S.L.	████████	23,91

5º.- O licitador proposto Vilariño ESP S.L.U. foi requirido para a presentación da documentación preceptiva establecido na cláusula 18ª.1 do prego (RS-E núm. 308 e 313, do 19/09/22 e 23/09/22).

6º.- Con datas 23 e 28 de setembro do corrente (RE núm. 1538 e RE-E núm. 438) dita sociedade presenta no Concello a seguinte documentación:

- ✓ Acreditación de estar ao corrente coas obrigacións tributarias coa Axencia Tributaria e coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), así como coa Seguridade Social.
- ✓ Alta no IAE no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato no ámbito territorial da realización da obra obxecto de licitación.
- ✓ Designación dunha dirección electrónica habilitada para as notificacións.
- ✓ Garantía definitiva por importe de 15.376,17 €, mediante aval da entidade financeira ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A., estendido con data 22/09/22 (registro núm. [REDACTED]).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 150.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP) dispón literalmente: “O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación (...)”.

Segundo.- O artigo 151 do mesmo texto legal dispón que a resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de quince días.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes e de conformidade co establecido na cláusula 22ª do prego de cláusulas administrativas particulares, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Excluir definitivamente ao licitador Construcciones y Proyectos Abilleira S.L., por estar declarada a súa oferta económica temeraria ou desproporcionada pola Mesa de contratación.

Segundo.- Adxudicar o contrato para a execución da obra denominada “URBANIZACIÓN E MELLORA PEONIL DA RÚA AVIADOR GUMERSINDO AREÁN” a favor do seguinte licitador:

LICITADOR: VILARIÑO ESP S.L.

CIF: [REDACTED]

INSCRICIÓN NO RXC DE GALICIA: NON

INSCRICIÓN NO ROLECE: SI

IMPORTE DA AXDUDICACIÓN SEN IVE: 307.523,51 €

IVE: 64.579,94 €

IMPORTE DA ADXUDICACIÓN CON IVE: Trescentos setenta e dous mil cento tres euros con corenta e cinco céntimos (372.103,45 €)

MOTIVACIÓN DA ADXUDICACIÓN: Mellor puntuación en aplicación do criterio de adxudicación establecidos no prego.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario e aos licitadores e publicalo non perfil do contratante do Concello.

Cuarto.- A formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes á notificación do presente acordo ao adxudicatario.

Quinto.- Designar á enxeñeira de camiños, canais e portos Dona Ana María García Mayo como directora facultativa da obra, e ao arquitecto técnico Don Antonio Carro Núñez como coordinador en materia de seguridade e saúde durante a súa execución.

5.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO INVESTIMENTO DENOMINADO “CAMBIO DE CUBERTA (MATERIAL DE CUBRICIÓN E REMATES) NO CENTRO CULTURAL MUNICIPAL “MANUEL LAMAZARES”

ANTECEDENTES

Primeiro.- A motivación del presente contrato vén fundamentada na competencia que o Concello ostenta relativa á “*promoción da cultura e equipamentos culturais*”, segundo o establecido no artigo 25.2 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (LRBRL), así como da necesidade de cumprir co obxecto da subvención concedida ao efecto pola Dirección Xeral de Administración Local, ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2021 da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións,

instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2022, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (DOG núm. 6, do 11/01/22).

Segundo.- Coa presente contratación non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, e de conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato para a execución da obra denominada “CAMBIO DE CUBERTA (MATERIAL DE CUBRICIÓN E REMATES) NO CENTRO CULTURAL MUNICIPAL “MANUEL LAMAZARES”” á sociedade SERVIUM SISTEMAS S.L., con CIF núm. [REDACTED], e con domicilio social en Lalín, ao prezo de CORENTA E SETE MIL DOUSCENTOS TRINTA E CATRO EUROS CON SETENTA E TRES CÉNTIMOS (47.234,73 €), IVE incluído, con estrita suxeición ao proxecto técnico, aprobado no seu día por este órgano, e redactado polo arquitecto Don Pablo Pol Barros.

Segundo.- Aprobar o gasto con cargo á correspondente partida orzamentaria do presuposto en vigor.

Terceiro.- Designar director da obra ao facultativo redactor do proxecto.

6.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO INVESTIMENTO DENOMINADO “MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NOS LUGARES DA FERVENZA, SENRA DE RIBA, SENRA DE BAIXO, BARRIO (SANTA BAIÁ DE CAMBA), VILAXUSTE, VILAMEÁ (NEGRELOS) E ÁLCEME”, INCLUÍDO NO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2022

ANTECEDENTES

Primeiro.- A motivación do presente contrato vén fundamentada na obriga que ten o Concello da prestación do servizo de “*alumeado público*”, segundo o establecido no artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora

das bases de Réxime Local (LRBRL), e da necesidade de cumprir o obxecto da subvención concedida para tal fin pola Xunta de Galicia con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental (FCA) 2022 (liña competitiva).

Segundo.- Coa presente contratación non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, e de conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato para a execución da obra denominada "MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NOS LUGARES DA FERVENZA, SENRA DE RIBA, SENRA DE BAIXO, BARRIO (SANTA BAIA DE CAMBA), VILAXUSTE, VILAMEÁ (NEGRELOS) E ÁLCEME" ao contratista JAIME JOSÉ RODRÍGUEZ JORGE, con DNI núm. [REDACTED], e con domicilio no lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro, ao prezo de TRINTA E CINCO MIL SETECENTOS OITENTA E TRES EUROS CON OITENTA E UN CÉNTIMOS (35.783,81 €), IVE incluído, con estrita suxeición ao proxecto técnico, aprobado no seu día por este órgano, redactado pola enxeñeira técnica industrial Dona M^a del Pilar Pardo Pérez.

Segundo.- Aprobar o gasto con cargo á correspondente partida orzamentaria do presuposto en vigor.

Terceiro.- Designar directora da obra á facultativa redactora do proxecto.

7.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA EN SITUACIÓN DE BAIXA LABORAL POR INCAPACIDADE TEMPORAL (IT)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona Susana Otero García, traballadora laboral do Concello na praza de auxiliar de axuda no fogar, causou baixa por incapacidade laboral (IT), derivada de enfermidade común, con data 3 de outubro do corrente. Xa que logo, existe a necesidade de proceder á contratación urxente dun/ha novo/a traballador/a que preste os devanditos

servizos durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos/ás usuarios/as beneficiarios/as da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2022, establecida no artigo 20.Catro da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Traballo e Benestar, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que dito posto de traballo debера ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. Porén, o Sr. alcalde manifesta que non se considerou aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constata as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas interinidades ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes e a proposta da traballadora social municipal Dona Natalia Salgado Rodríguez, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación de Dona ESPERANZA SILVA GONZÁLEZ, con DNI núm. [REDACTED], como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato de substitución a tempo parcial (20 horas/semana), ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, polo tempo que dure a situación de baixa por IT da traballadora Dona Susana Otero García.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

8.- ALTAS DE USUARIOS/AS NO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI), CURSO 2022-2023

A/

VISTA a instancia presentada por Don José Figueroa Faílde, con DNI núm. [REDACTED], veciño do lugar de Bagarelas, parroquia de Vilela (RE núm. 1577, do 30/09/22), pola que solicita a alta da súa filla Xenia Figueroa Diéguez como usuaria do Punto de Atención á Infancia (PAI) para o curso 2022-2023, en xornada completa ou subsidiariamente en xornada parcial de mañá ou xornada parcial de tarde.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe favorable emitido, con data 03/10/22, pola mestra-directora do PAI Dona Raquel Blanco Valladares, no que acredita que a solicitude cumpre cos requisitos esixidos así como a existencia de prazas vacantes unicamente na quenda parcial de tarde, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, acorda proceder á alta, como usuaria do Punto de Atención á Infancia (PAI) para o curso 2022-2023, da menor XENIA FIGUEROA DIÉGUEZ, en xornada parcial de tarde, con data de efectos do día 1 de outubro de 2022, condicionada á presentación da documentación esixida no Regulamento de organización e funcionamento do Punto de Atención á Infancia (BOP núm. 180, do 17/09/21).

B/

VISTA a instancia presentada por Don Abderrahman Mohamed Al Mohamedi, con NIE núm. [REDACTED], veciño do lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro (RE núm. 1579, do 30/09/22), pola que solicita a alta do seu fillo Abdelmonem Aderrahman M A como usuario do Punto de Atención á Infancia (PAI) para o curso 2022-2023, en xornada parcial de mañá ou subsidiariamente en xornada parcial de tarde.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe favorable emitido, con data 03/10/22, pola mestra-directora do PAI Dona Raquel Blanco Valladares, no que acredita que a solicitude cumpre cos requisitos esixidos así como a existencia de prazas vacantes unicamente na quenda parcial de tarde, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, acorda proceder á alta, como usuario do Punto de Atención á Infancia (PAI) para o curso 2022-2023, do menor ABDELMONEM ABDERRAHMAN M A, en xornada parcial de tarde,

con data de efectos do día 1 de outubro de 2022, condicionada á presentación da documentación esixida no Regulamento de organización e funcionamento do Punto de Atención á Infancia (BOP núm. 180, do 17/09/21).

9.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 17,40 €, 69,39 € E 64,30 €
Por consumos de telefonía fixa e móbil, s/facturas núm. TA6Y30001236, TA6Y30001255 e TA6Y30001256 (FACe).
- MAPFRE ESPAÑA S.A. 1.239,61 €
Por seguro semestral do camión de recollida do lixo, s/factura núm. 75202219900020006784 (FACe).
- RODOIL S.L. 135,41 €
Por subministro de combustible ao vehículo da AVPC no mes de agosto de 2022, s/factura núm. 2022/22000368 (FACe).
- RODOIL S.L. 86,19 €, 141,26 €, 214,15 €, 764,66 €, 211,96 € E 164,89 €
Por subministro de combustible aos vehículos da brigada municipal de obras no mes de agosto de 2022, s/facturas núm. 2022/22000369, 2022/22000371, 2022/22000372, 2022/22000373, 2022/22000374 e 2022/22000375 (FACe).
- EDICIÓN XERAIS DE GALICIA S.A. 357,40 €
Por adquisición de libros para a biblioteca municipal, s/factura núm. 22F000219 (FACe).
- EDITORIAL GALAXIA S.A. 373,90 €
Por adquisición de libros para a biblioteca municipal, s/factura núm. EF-220210 (FACe).

- KALANDRAKA EDITORA S.L. 53,00 €
Por adquisición de libros para a biblioteca municipal de Rodeiro, s/factura núm. 001/001260.
- ASOCIACIÓN “OS AFOGA PALLETAS” 500,00 €
Por actuación da programación de cantos de taberna dentro da iniciativa “Rodeiro de tapas 2022”, s/factura núm. 1.
- REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A. 3.347,34 €
Por subministro de aglomerado en frío para obras en camiños municipais, s/factura núm. 0041188327 (FACe).
- JAVIER FERNÁNDEZ NOGUEROL 1.887,60 €
Por traballos de pala nos lugares de Riobó, Bardelás, Caxide e Baroncelle, s/factura núm. 546.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as nove horas trinta minutos, da que como secretario, estando a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)